

BOLETÍN EPIDEMIOLÓGICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME I / NUM. 2
SEMANAS 42-44/1986
(13 de outubro ó 2 de novembro)


CONSELLERÍA DE SANIDADE
E SEGURIDADE SOCIAL

9 DE XANEIRO DE 1987

Con motivo da celebración en 1987 do «Ano Mundial do Medio Ambiente» iniciamos neste número a publicación do capítulo 5 do libro «Saúde para todos no ano 2000», no que se concretan os obxectivos da OMS para a rexión europea na área do medio ambiente.

MEDIO AMBIENTE SAUDABLE (I)

(LOS OBJETIVOS DE LA S.P.T. Objetivos de la Estrategia Regional Europea de la S.P.T.; OMS. Marzo 86. Edición española; M.S. y C. Noviembre 86).

EN Europa, o medio ambiente sofre unha mutación rápida en numerosos aspectos: estrutura demográfica, vida sa, bens de consumo, fontes de enerxía, formas de produción industrial e agrícola, transportes, turismo e migracións. Todos estes factores poden ter, pola súa acción individual ou combinada, repercusións importantes sobre a saúde.

Un aspecto importante dos cuidados preventivos sanitarios é velar porque o desenvolvemento socio-económico se realice de tal xeito que a saúde e o ben-estar do home non se vexan afectados senón, pola contra, reforzados. Á parte das medidas destinadas a preservar-lo medio humano dos efectos da evolución socio-económica, cómpre mellorar algúns aspectos actuais: hábitat, contaminación de longa duración e condicións de traballo. Tendo

ben presente que as medidas desta caste fan intervir numerosos sectores da administración dos países, sexa a nivel central ou local, e necesítase unha integración eficaz na planificación e a xestión entre todos estes diferentes sectores. Problemas como a contaminación ambiental e da auga e o transporte de materias potencialmente nocivas poden afectar a varios países ó mesmo tempo; por iso é necesaria unha estreita colaboración internacional na aplicación de medidas de vixilancia e de redución de riscos.

As novas formas de tecnoloxía, por exemplo no campo da produción de enerxía ou da fabricación de produtos químicos, poden ser concebidas de maneira que minimicen os seus potenciais efectos perniciosos sobre a saúde humana; tamén haberá que situar mecanismos sistemáticos para avalialos riscos e para estudar solucións alternativas.

O rápido desenvolvemento socio-económico produciu transformacións notables no medio ambiente europeo, pero algúns países teñen, aínda hoxe, graves problemas de subministración de auga e de saneamento; a súa solución permitiría reducir grandemente a incidencia de enfermidades entéricas, particularmente as que afectan ós nenos. A xestión sobre o medio ambiente non debería tratar soamente de protexer-la saúde humana dos efectos dañinos potenciais dos factores biolóxicos, químicos e físicos, senón tamén de mellorar-la calidade de vida ofrecéndolle á poboación calidades como a pureza da auga e do aire, condicións de vida e de traballo agradables e amplas posibilidades de actividades de ocio satisfactorias. Todos estes factores poden ter efectos benéficos notables sobre a saúde e o ben-estar.

En tódolos países europeos hai un gran interese pola calidade ambiental e a súa influencia sobre a saúde humana. A realización dos obxectivos enunciados neste capítulo facilitarase, non soamente por unha ampla difusión de informacións sobre as cuestións en xogo, senón tamén por medidas destinadas a favorecer unha participación activa da colectividade e do individuo.

Este capítulo comprende tres partes, das que a primeira trata de política en conxunto; a segunda, da vixilancia, da avaliación e da redución de perigos relacionados coa calidade da auga e do aire, de hixiene dos alimentos e da protección do solo; e a terceira, do ambiente na casa, na colectividade e no lugar de traballo.

Políticas para un medio ambiente saudable

Obxectivo 18.— Colaboración multisectorial.

De aquí a 1990, os Estados membros deberán contar cunha política multisectorial que protexa eficazmente o medio ambiente humano dos factores de risco para a saúde, que sensibilice á colectividade e garanta a súa participación, e apoie eficazmente os esforzos internacionais para combater estes riscos cando afecten a varios países.

A realización deste obxectivo necesita fundamentarse nos puntos seguintes: a aceptación por tódolos gobernos da necesidade de esforzos multisectoriais ben coordinados nos niveis central, rexional e local para facer que os aspectos de saúde humana sexan considerados como condicións fundamentais no desenvolvemento socio-económico, abranguida a introducción de novas formas de tecnoloxía; o establecemento de mecanismos destinados a sensibilizar-la colectividade e a facer partícipes a aqueles máis activamente implicados nas cuestións ambientais que teñan posibles vinculacións para a saúde humana; e a elaboración de acordos internacionais para unha limitación eficaz dos perigos ambientais máis alá das fronteiras.

ENUNCIADO DO PROBLEMA

Numerosos aspectos interesan ós Gobernos: ordenación do territorio, vivenda, industria, agricultura, transportes, produción de enerxía e protección do medio ambiente. Actualmente confirmase con frecuencia que falta un acordo multisectorial da xestión en materia de conservación do medio ambiente e unha coordinación eficaz, a fin de evitar que o desenvolvemento socio-económico teña efectos perniciosos sobre a saúde e o ben-estar da poboación. Ademais, obsérvase que en certos países hai unha duplicación de funcións e que dous ou máis ministerios ou organismos gubernamentais se ocupan de tarefas moi parecidas que poderían ser executadas máis eficazmente por un organismo único.

Logo da Conferencia das Nacións Unidas sobre medio ambiente, celebrada en Estocolmo (1972) existe un interese crecente polos perigos ambientais, pero a xente, frecuentemente mal informada, inquiétase polos perigos a que está exposta no lugar de traballo ou no seu contorno. En certos países, os esforzos para sensibilizar e facer participar á colectividade son insuficientes.

Cada vez máis, transpórtase internacionalmente mercadorías e residuos perigosos; os riscos de contaminación poden estenderse dun país a outro, sobre todo cando as industrias están instaladas preto das fronteiras. É mais,

visto o desenvolvemento das migracións e do turismo, é de temer un risco crecente de transmisión de infeccións entre países.

Este obxectivo só poderá levarse a cabo se os Gobernos consideran os aspectos de conservación do medio ambiente como inseparables do desenvolvemento económico. Haberá que poñer ó día unha lexislación eficaz e un mecanismo permanente para lograr que tódolos sectores gobernamentais, tanto nacionais como rexionais e locais, así como os interesados polo ordenamento do territorio, a vivenda, a industria, a agricultura, a produción de enerxía e a protección do medio ambiente, teñan en conta as consideracións de saúde no momento do estudo de novos proxectos. Só cun esforzo intenso se pode orienta-lo desenvolvemento cara a formas que reduzan ó máximo os riscos ambientais e favorezan a saúde e mailo ben-estar humano.

Para reducir de xeito notable os perigos ambientais haberá que sensibilizar ós grupos citados, ós «produtores de riscos», ás profesións interesadas e ás persoas en xeral, sobre a natureza e a extensión dos perigos e sobre as posibles medidas que cumpra adoptar.

Unha toma de conciencia máis adecuada sobre os riscos ambientais fará que os individuos se preocupen máis da súa seguridade e incitaraos a participar máis activamente e de forma mellor informada en todas estas cuestións. Todo iso deberá obrigar ós que teñan poder de decisión a vixiar cun maior rigor para que as condicións de protección ambiental sexan plenamente tidas en conta na planificación e na avaliación das novas realizacións.

Haberá que prestar unha gran atención en ofrecer a todos información sobre os problemas de saúde e os factores de risco, particularmente a nivel da colectividade, a cal deberá ter poder de decisión nas medidas que inflúan sobre o seu medio ambiente, por medio de representantes debidamente habilitados ante os consellos locais de saúde.

Tódolos países deberán apoia-los acordos que limiten a contaminación do aire e da auga máis alá das súas fronteiras e controla-lo movemento internacional de mercadorías e os

esgotos perigosos. Exemplos de acordos deste tipo son a Convención sobre a contaminación atmosférica a longa distancia e a Convención para a protección do Mediterráneo contra a polución, na posta en marcha da cal a Oficina Rexional da OMS para Europa colabora estreitamente cos Estados membros e coas outras organizacións internacionais interesadas.

Vixilancia, avaliación e control

Obxectivo 19.— Mecanismos de control e vixilancia.

De aquí a 1990, os Estados membros deberán ter un mecanismo eficaz para a vixilancia, avaliación e redución dos riscos relacionados co medio ambiente que constitúen unha ameaza para a saúde humana, nos que están abrangidas as substancias químicas potencialmente tóxicas, as radiacións, os produtos de consumo perigoso e os axentes biolóxicos.

A realización deste obxectivo esixe a creación de programas de vixilancia ben coordinados que abrangan fins claramente definidos, a elaboración de metodoloxías e de criterios de saúde para a avaliación de datos no cadro dos procedementos de control, a concesión de créditos suficientes para as medidas de control, a súa introducción e aplicación e, en fin, a formación e emprego de efectivos suficientes de persoal competente en tódolos aspectos relativos á conservación do medio ambiente.

SUBSTANCIAS QUÍMICAS. Os riscos eventuais en materia de sanidade, relacionados con factores químicos, físicos ou biolóxicos, constitúen un dos principais temas de preocupación nos países europeos. En total, prodúcense industrialmente preto de 60.000 substancias químicas e cada ano créanse de 200 a 1.000 novos compostos. Unha grande parte destas substancias non parecen ter efectos nocivos perceptibles. Sen embargo, aínda que se dispón dalgunhas informacións sobre a toxicidade dun gran número destes produtos, sábese moi pouco no que concirne á avaliación dos seus riscos para a saúde humana. Así, o Centro Internacional de Investigación sobre

(Pasa a páx. 6)

ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARA

SEMANAS 42-44/1986 DO

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE GONOCOCICA) (098.0)		GRIPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCIÓN MENINGOCÓCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)		
	1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	
A CORUÑA																			
1 CEDEIRA						3		1		14	15	246	1	5			1	48	
2 ORTIGUEIRA										2	17	17	621		5			1	22
3 NARÓN								1		1	10	24	982		14		2	2	36
4 AS PONTES						3				1	49	136	2661	5	82		2		7
5 FERROL						30					37		7.480		155		1		4
6 FENE						3		2			10	80	1.998		17				12
7 PONTEDEUME								1		3	47	116	4.259	1	10			1	58
8 CEE						6		2			12	74	2.891		4		1		66
9 VIMIANZO													118						
10 PONTECESO						6					22	77	1.530	3	24		1		118
11 CARBALLO		1						1		4	77	100	2.633		7		3	5	103
12 ARTEIXO						2		1	2			10		3					7
13 A CORUÑA				1	1	36		10		24	234	1.441	22.761	18	232	4	20	6	139
14 CULLEREDO-O BURGO				1					1	2	64	27	908	2	30	1	1	8	103
15 OLEIROS				1					2		26	27	580		8				4
16 BETANZOS						14		1		9	75	63	2.699	1	9			10	116
17 SANTA COMBA										3	30	57	641		4			4	19
18 NEGREIRA						2		5		4	60	22	683		14		1	4	185
19 ORDES						3		3		17	169	224	3.626	1	9			11	225
20 CURTIS-TEIXEIRO		1				1				1	10	8	608		2				20
21 SANTIAGO						5		8		3	40	37	10.213	3	52		7	11	219
22 MELIDE						2				2	16		351		11				10
23 MUROS								2			9		625		1				38
24 NOIA		1						1			16		1.369		19		4		53
25 PADRON							2	4		80	76	2.877		7	1	1	10		89
26 BOIRO							2			6	31	634		4			2		59
27 RIBEIRA						2	2		3	7	206	2.603		11				3	88
PONTEVEDRA																			
28 A ESTRADA							1	1		4	10	124	2.486	3	20			2	24
29 LALIN						15		19		3	53	52	2.774	1	18		2	3	56
30 VILAGARCIA DE AROUSA			9	11			2	32		4	59	252	4.222	4	66	2	6		12
31 CALDAS DE REIS						3			3		3	44	500		10		2		21
32 VILANOVA DE AROUSA						1		2		6	25	981		2	13			2	23
33 CAMBADOS								1			20	17	945		4		3	1	28
34 O GROVE						1		2					328				1		6
35 SANXENXO								2			10	13	678		14		3		21
36 PONTEVEDRA			1	56	1	14	1	16	3	33	369	8.597	3	144	1	16	2	174	
37 FORCAREI							1	1				9	485		4			1	22
38 MARIN						3		2			7	128	1.550	1	60		1	3	49
39 CANGAS				2				4	1	3	27	1.302		1	8			2	2
40 REDONDELA						1		6	19	2	32	1.906		8	1	4			20
41 VIGO		1					2	17	8	67	114	1.594		21	2	47	1		8
42 VAL MIÑOR-PANXON								12		6	22	858		13		8	1		37
43 PORRIÑO							1	23		18	43	1.114		2	27	1	11	1	46
44 PONTEAREAS								6	3	43	67	1.329		32		2			26
45 A CAÑIZA								6			1	90	1.088		3		1	9	43
46 A GARDA								5	3	33	11	713		2	36		2	1	45
47 TUI								5	2	21	33	1.122		1	1		2		45
48 SALVATERRA DE MIÑO								12				66	1.153		9		6		14
LUGO																			
49 VIVEIRO						3				1	51	40	879		1		1	1	29
50 CERVO-BURELA		1				1		1		8	52	29	980	11	89		8	2	38
51 MONDOÑEDO											1		15		1		1		
52 RIBADEO		1				2				2	9	41	2.024		4			4	24
53 VILALBA						12				1	30	33	808		6	1	7	1	132
54 MEIRA		1		1						1	31	51	1.498	1	4			1	97
55 FONSAGRADA						2				1	9	19	607				1	3	50
56 GUITIRIZ		1									19		216				1		4
57 RABADE		3								3	24	8	636		1			2	21
58 LUGO		2	2	38		1			2	71	162	4.635	7	137	3	22			19
59 CASTROVERDE		1									3	4	193		2		1		9
60 PALAS DE REI											4		305						2
61 MONTERROSO						38					11	13	1.100		4		1		207
62 SARRIA		1		1					1	4	58	57	2.832	1	173		6	7	136
63 BECERREÁ		1								4	34	143	2.854		2		2	2	66
64 CHANTADA		1								7	46	121	1.803		36			6	142
65 MONFORTE DE LEMOS		5		2				2		9	15	783		7	1	4	2		17
66 QUIROGA		3									15		134		2				
67 O BARCO		1	3		1				8		37	176	4.696		10		1	1	31
68 O CARBALLIÑO								1	9	3	42	118	4.344		11	1	3	1	42
69 RIBADAVIA						1		23		8	60	166	2.722		26		2	4	73
70 OURENSE		1	7		2	6		30	4	41	72	2.833		2	27	5	72	6	188
71 MACEDA		3						2		17	30	1.595		7				2	71
72 CASTRO-CALDELAS								2		7	36	38	868		20		1		33
73 A POBRA DE TRIVES						1				1	9	14	1.279			1	1	2	36
74 VIANA DO BOLO		2								1	8	30	743		1			1	18
75 CELANOVA					1	2		10	5	64	84	3.217		9	1	1	3		43
76 ALLARIZ		2		2				1	4	60	30	1.285		3	1	1	3		42
77 BANDE						4	1	12		38	23	746					4		8
78 XINZO DE LIMIA		1	4			4	1	7	4	143	50	2.085		4	1	6	3		45
79 VERÍN			12				1	11		53	103	3.197		8				1	56
80 A GUDIÑA		1	7					8	3	39	40	633		1	2	3			17

CASOS ACUMULADOS: ENFERMIDADES DE BAIXA INCIDENCIA

SEMANAS 1-44

Comarca	Enfermidade
10 Ponteceso.....	1 Carbunco
38 Marin.....	1 Tétano
40 Redondela.....	1 Paludismo
	29 Feb. exam.
41 Vigo.....	1 Paludismo
51 Mondoñedo.....	1 Tétano
52 Ribadeo.....	1 Tétano
68 O Carballiño.....	1 Tétano
70 Ourense.....	1 Tétano

DEFUNCIÓNS POR COMARCAS

OURENSE

ALLARIZ..... Neumonias 1

Semanas 42-44

(Ven da páx. 3)

o Cáncer, por exemplo, avaliou preto de 600 substancias químicas e procesos industriais e comprobou que aproximadamente o 30 por 100 deles teñen unha relación causal co cáncer no ser humano. Ademais, o cáncer é soamente un dos diversos efectos tóxicos nocivos potenciais das substancias químicas: efectos tóxicos agudos, anomalías conxénitas, lesións na pel, alteracións neurolóxicas, anomalías de comportamento, danos sobre a inmunidade e efectos mutaxénicos.

RADIACIÓNS IONIZANTES. Os efectos nocivos das radiacións ionizantes sobre o ser humano, en canto ó cáncer se refire, foron demostradas sen ningunha clase de ambigüidade. Estes incidentes non se produciron soamente cando na creación e a explotación dos equipamentos e instalacións non se tiveron en conta as normas establecidas. A máis impor-

tante fonte de exposición das persoas ás radiacións ionizantes, e isto ignórase frecuentemente, é a radiografía médica; esta é a razón pola que en numerosos países se teñen limitado os diagnósticos deste tipo.

RÚIDO. En todo o relativo ó ruído, obsérvase unha tendencia crecente nas zonas urbanas e industriais. Do 10 ó 20 por 100 da poboación europea, segundo algunhas estimacións, está exposta a niveis sonoros moi superiores ós valores aceptables. Prevese que os niveis de ruído ambientais nas aglomeracións aumentarán o 30 por 100 deica o ano 2000, se non se impón unha regulamentación máis rigorosa.

AXENTES BIOLÓXICOS. Constitúen un dos grandes factores de mortalidade e morbilidade, particularmente na zona mediterránea. A insuficiencia dos saneamentos non é soamente causa de enfermidades diarreicas, principal factor de morbilidade e mortalidade entre os lactantes desta zona, senón tamén do tifo endémico e do cólera. No que se refire ás enfermidades tropicais, nun determinado país existiron 116.000 casos de paludismo en 1977, mentres que a esquistosomiose diminúe e a leishmaniose gaña terreo. Nalgúns países europeos que teñen un bo censo de declaracións de casos destácase un forte crecemento da incidencia nas intoxicacións alimenticias ó longo dos dez últimos anos, fenómeno que se asocia frecuentemente ós novos métodos de produción, de almacenamento e de produción. En fin, non se poden perder de vista os danos considerables causados polos insectos e os roedores, non soamente como conductores de enfermidades senón tamén como destructores de alimentos.

PRODUCTOS DE CONSUMO. Unha ampla serie destes produtos ofrécese ó público. Algúns son perigosos, porque están mal concebidos ou realizados, porque conteñen materias potencialmente perigosas ou porque poden facilmente ser utilizados de xeito perigoso.

AVALIACIÓN DE RISCOS. Existe unha gran marxe de dúbidas e de erros en relación coa magnitude e a probabilidade dos diferen-

tes tipos de riscos, e as hipóteses en canto se refire a danos para a saúde, como resultado da exposición a substancias químicas, a radiacións e a produtos de consumo perigoso chegaron a ser un tema normal nos medios de comunicación. Frecuentemente, o público reacciona de xeito moi diferente con respecto ós perigos que afectan ó individuo como tal, como o tabaquismo e os riscos que ameazan ó conxunto da colectividade, como as condicións de traballo e a contaminación do aire e da auga. Os temores da xente, no que se refire a estes últimos riscos, lévana frecuentemente a poñer en dúbida ou a discutir certas formas da evolución tecnolóxica. Hai que dicir que, vista a ausencia de medidas de control eficaces en materia de saúde que se produciron en numerosos casos no pasado, esta actitude negativa non está totalmente inxustificada. Con frecuencia, as decisións tomáronse sen que a colectividade puidera participar.

O risco para a saúde que resulta da contaminación da auga, do aire, do solo e dos alimentos é frecuentemente difícil de valorar con precisión. Os episodios particulares de polución masiva que causan unha ampla contaminación fan que se fale moito deles, pero sábese moito menos do risco acumulativo de contaminación a longo prazo en lixeiras concentracións, comprendidos os efectos combinados da exposición a un certo número de riscos diferentes.

Aínda que en tódolos países da rexión se teñen realizado grandes esforzos para controlar e combater os efectos nocivos para a saúde das condicións do medio ambiente, estas medidas teñen sido con frecuencia incompletas e fragmentarias e non tiñan o carácter preventivo que tería permitido pura e simplemente as situacións perigosas.

SOLUCIÓN POSIBLES. Para entende-lo impacto potencial dos riscos ambientais sobre a saúde do home, cómpre aplicar estratexias de control coidadosamente elaboradas, baseadas, segundo o caso, sobre a medida dos niveis contaminantes, a determinación dos traxectos de contaminación no medio ambiente, a estimación das exposicións persoais e as acu-

mulacións nos tecidos e a execución de estudos epidemiolóxicos. A valoración dos efectos potenciais sobre a saúde farase sobre a base dos resultados de estudo e tamén de informacións toxicolóxicas frecuentemente obtidas grazas ás experiencias sobre outras especies. Necesitarase tamén basearse nos criterios de sanidade internacionalmente establecidos para fixa-los límites da exposición.

As estratexias de redución de perigos poderán apoiarse en medidas legislativas, económicas e técnicas, así como en medidas de ensino e de formación e poderán intervir en numerosos sectores da administración. Os esforzos realizaranse, principalmente, nos trámites, permitindo prever e evita-los efectos nocivos no momento da planificación e do estudo dos novos ordenamentos. Estas medidas deberán ser contabilizadas entre os custos de cada proxecto de ordenamento; a prevención será sempre menos custosa que as solucións «a posteriori». Cando se utiliza un equipo de protección do medio ambiente, para reduci-lo nivel dos escapes nocivos debe vixiarse que sexa eficazmente explotado e mantido por persoal cualificado.

Preferentemente, deberán ser adoptadas técnicas que non sexan prexudiciais para a saúde humana e o medio ambiente. Na medida do posible, os desperdicios deberán ser reciclados e reutilizados.

Unha medida importante para reducir eficazmente os riscos do medio ambiente é crear un corpo de inspectores cualificados, que estean apoiados por unha sólida lexislación e que poidan, non soamente controlar e corrixi-los riscos, senón tamén aconsellar sobre as medidas preventivas e curativas.

Tendo en conta a natureza internacional de numerosos problemas de sanidade relacionados co medio ambiente, a necesidade dunha colaboración para a vixilancia e a redución de riscos parece evidente. Visto que os recursos humanos e financeiros son limitados, o estudo do risco común deberá facerse a nivel internacional, como, por exemplo, no caso dos novos produtos químicos.

CONCELLOS E AGREGACIÓN COMARCAL

(NIVEL VI MAPA SANITARIO DE GALICIA)

COMARCA DE CEDEIRA Concello de Cedeira Concello de Cerdido	COMARCA DE ORDES Concello de Tordoia Concello de Ordes Concello de Mesia Concello de Frades Concello de Oroso	Concello de Pontevedra Concello de Cotobade Concello de Vilaboa Concello de Ponte-Caldelas Concello de A Lama	COMARCA DE A FONSGRADA Concello de A Fonsagrada Concello de Nogueira de Muíiz	Concello de Ribadavia Concello de Castelo de Miño Concello de Arnoia Concello de Cortegada
COMARCA DE ORTIGUEIRA Concello de Ortigueira Concello de Mañón	COMARCA DE CURTIS-TEIXEIRO Concello de Curtis Concello de Vilasantar Concello de Sobrado	COMARCA DE FORCAREI Concello de Cerdedo Concello de Forcarei	COMARCA DE GUITIRIZ Concello de Guitiriz	COMARCA DE OURENSE Concello de Vilamarín Concello de A Peroxa Concello de Os Peares Concello de Amoeiro Concello de Coles
COMARCA DE NARÓN Concello de Valdovíño Concello de Narón Concello de San Sadurniño Concello de Moeche Concello de Neda	COMARCA DE SANTIAGO Concello de Val do Dubra Concello de Trazo Concello de Ames Concello de Santiago Concello de O Pino Concello de Boqueixón Concello de Bourro Concello de Brión Concello de Teo Concello de Vedra	COMARCA DE MARÍN Concello de Marín Concello de Bueu	COMARCA DE RÁBADA Concello de Begonte Concello de Rábada Concello de Outeiro de Rei	Concello de Nogueira de Ramuín Concello de Ourense Concello de Pereiro de Aguiar Concello de Toén Concello de Barbadás Concello de San Ciprián de Viñas
COMARCA DE AS PONTES Concello de Somozas Concello de As Pontes	COMARCA DE VALDEVIÑA Concello de Trazo Concello de Ames Concello de Santiago Concello de O Pino Concello de Boqueixón Concello de Bourro Concello de Brión Concello de Teo Concello de Vedra	COMARCA DE CANGAS Concello de Cangas Concello de Moaña	COMARCA DE LUGO Concello de Castro de Rei (metade Sur) Concello de Friol Concello de Lugo Concello de Guntín Concello de O Corgo Concello de Portomarín Concello de Taboada	COMARCA DE MACEDA Concello de Esgos Concello de Xunqueira de Espadanedo Concello de Paderne de Allariz Concello de Maceda Concello de Baños de Molgas Concello de Vilar de Barrio
COMARCA DE FERROL Concello de Ferrol	COMARCA DE MELIDE Concello de Boimorto Concello de Arzúa Concello de Melide Concello de Toques Concello de Santiso	COMARCA DE REDONDELA Concello de Soutomaior Concello de Redondela Concello de Pazos de Borbén Concello de Fornelos de Montes	COMARCA DE PALAS DE REI Concello de Palas de Rei	COMARCA DE CASTROVERDE Concello de Castroverde Concello de Baleira
COMARCA DE FENE Concello de Ares Concello de Mugardos Concello de Fene Concello de Capela	COMARCA DE MURÓS Concello de Carnota Concello de Muros	COMARCA DE VIGO Concello de Vigo	COMARCA DE MONTERROSO Concello de Antas de Ulla Concello de Monterroso	COMARCA DE SARRIA Concello de Sarria Concello de Láncara Concello de Paradela Concello de O Incio Concello de Samos Concello de Triacastela
COMARCA DE PONTEDEUME Concello de Cabanas Concello de Pontevedra Concello de Miño Concello de Vilarniño Concello de Monferró	COMARCA DE NOIA Concello de Outes Concello de Noia Concello de Lousame Concello de Porto do Son	COMARCA DE VAL MIÑOR-PANXÓN Concello de Nigrán Concello de Balsa Concello de Gondomar	COMARCA DE SARRIA Concello de Sarria Concello de Láncara Concello de Paradela Concello de O Incio Concello de Samos Concello de Triacastela	COMARCA DE VIANA DO BOLO Concello de A Veiga Concello de Vilarinho de Conso Concello de Viana do Bolo
COMARCA DE CEE Concello de Muxia Concello de Dumbría Concello de Cee Concello de Fisterra Concello de Corcubión Concello de Ezaro-O Pindo (zona asimilada)	COMARCA DE PADRÓN Concello de Rois Concello de Padrón Concello de Dodro Concello de Pontecureses Concello de Valga	COMARCA DE A CAÑIZA Concello de A Cañiza Concello de Crecente Concello de Arbo	COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS Concello de O Saviñao Concello de Bóveda Concello de Pantón Concello de Monforte de Lemos Concello de Pobra de Brollón Concello de Sober	COMARCA DE CELANOVA Concello de Cartelle Concello de A Merca Concello de Gomesende Concello de Ramirás Concello de Celanova Concello de A Bola Concello de Pontevedra Concello de Padrenda Concello de Quintela de Leirado Concello de Vereia
COMARCA DE VIMIANZO Concello de Camariñas Concello de Vimianzo (Parroquias de Allo, Baio e Vilar (Zas))	COMARCA DE BOIRO Concello de Boiro Concello de Rianxo	COMARCA DE A GUARDA Concello de Oia Concello de O Rosal Concello de A Guarda	COMARCA DE CHANTADA Concello de Chantada Concello de Carballedo	COMARCA DE BANDE Concello de Bande Concello de Lobeira Concello de Entrimo Concello de Lovios Concello de Muíños
COMARCA DE PONTECESO Concello de Malpica Concello de Pontevedra Concello de Cabana Concello de Laxe	COMARCA DE RIBEIRA Concello de A Pobra do Caramiñal Concello de Ribeira	COMARCA DE TUI Concello de Tomiño Concello de Tui	COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS Concello de O Saviñao Concello de Bóveda Concello de Pantón Concello de Monforte de Lemos Concello de Pobra de Brollón Concello de Sober	COMARCA DE XINZO DE LIMIA Concello de Rairiz de Veiga Concello de Vilar de Santos Concello de Sandiás Concello de Porqueira Concello de Xinzo de Limia Concello de Trasmiras Concello de Calvos de Randín Concello de Blancos Concello de Baltar Concello de Sarreaus
COMARCA DE CARBALLO Concello de Laracha Concello de Carballo Concello de Coristanco	COMARCA DE A ESTRADA Concello de A Estrada Concello de Cuntis	COMARCA DE SALVATERRA DE MIÑO Concello de Salvaterra de Miño Concello de As Neves	COMARCA DE QUIROGA Concello de Folgoso de Courel Concello de Quiroga Concello de Ribas de Sil	COMARCA DE VERÍN Concello de Laza Concello de Castrelo de Val Concello de Cualedro Concello de Monterrei Concello de Ombra Concello de Verín Concello de Vilardevós
COMARCA DE ARTEIXO Concello de Arteixo	COMARCA DE LALÍN Concello de Vila de Cruces Concello de A Golada Concello de Silleda Concello de Lalín Concello de Rodeiro Concello de Dozín	COMARCA DE VIVEIRO Concello de Vicedo Concello de Viveiro Concello de Oroll	COMARCA DE O BARCO Concello de A Rúa Concello de Vilamartín de Valdeorras Concello de O Barco Concello de Rubiá Concello de Carballeda Concello de Larouco Concello de Petín Concello de O Bolo	COMARCA DE A GUDIÑA Concello de Rios Concello de A Gudiña Concello de A Mezquita
COMARCA DE A CORUÑA Concello de A Coruña	COMARCA DE VILAGARCÍA DE AROUSA Concello de Catoira Concello de Vilagarcía de Arousa	COMARCA DE CERVO-BURELA Concello de Xove Concello de Cervo Concello de Foz Concello de Valadouro Concello de Alfoz	COMARCA DE MONDOÑEDO Concello de Mondoñedo Concello de Lourenza	
COMARCA DE CULLEREDO-O BURGO Concello de Culleredo Concello de Cambre Concello de Carral Concello de Cerceda	COMARCA DE CALDAS DE REIS Concello de Caldas de Reis Concello de Portas Concello de Moraña	COMARCA DE MONDOÑEDO Concello de Mondoñedo Concello de Lourenza	COMARCA DE RIBADEO Concello de Barreiros Concello de Ribadeo Concello de Trabada	
COMARCA DE OLEIROS Concello de Oleiros Concello de Sada	COMARCA DE VILANOVA DE AROUSA Concello de Vilanova de Arousa	COMARCA DE VILALBA Concello de Muras Concello de Xermade Concello de Vilalba Concello de Abadín Concello de Cospito	COMARCA DE RIBADAVIA Concello de Avión Concello de Leiro Concello de Cenlle Concello de Carballeda de Avia Concello de Beade Concello de Melón	
COMARCA DE BETANZOS Concello de Bergondo Concello de Betanzos Concello de Pademe Concello de Irixoa Concello de Abegondo Concello de Oza dos Rios Concello de Coiros Concello de Aranga Concello de Cesuras	COMARCA DE O GROVE Concello de O Grove	COMARCA DE MEIRA Concello de A Pastoriza Concello de Rostrotto Concello de A Pontenova Vilaodríz Concello de Meira Concello de Ribeira de Piquín Concello de Pol Concello de Castro de Rei (metade Norte)		
COMARCA DE SANTA COMBA Concello de Zas Concello de Santa Comba Concello de Mazaricos	COMARCA DE SANXENXO Concello de Sanxenxo Concello de Meaño			
COMARCA DE NEGREIRA Concello de A Baña Concello de Negreira	COMARCA DE PONTEVEDRA Concello de Barro Concello de Campo-Lameiro Concello de Poio			

Subscripción e envío gratuito. Solicitudes: Servicio de Programas e Vixilancia Epidemiolóxica D.X.S.P. Consellería de Sanidade e Seguridade Social. San Caetano, Bloque 2. C.P. 15704 Santiago de Compostela. A CORUÑA.



CONSELLERÍA DE SANIDADE
E SEGURIDADE SOCIAL